



ANUNCIO

O alcalde por resolución, ditada o día 25 de xuño de 2025, resolveu o seguinte:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Habéndose remitido pola Oficina de Emprego de Betanzos, os currículos dos candidatos da oferta de emprego, presentada por este concello con data de 10 de xuño de 2025, para a provisión de un (1) peón especialista no marco da subvención concedida pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (DOG nº 50 do 13.03.2025).

Logo de ver canto antecede, esta Alcaldía e en uso das atribucións que lle confire o ordenamento xurídico, pola presente, resolve:

1.- Aprobar a seguinte relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos para o posto de **PEÓN ESPECIALISTA**:

ADMITIDOS:

APELIDOS E NOME
ARIZA DIAZ CARRALERO ESTHER
FILGUEIRAS BEDOYA JOSE ANTONIO
GIMENEZ GIMENEZ SANDRA
LOPEZ MARTINEZ MANUEL
LOPEZ RODRIGUEZ JESUS
MONTOYA MORENO AARON
MONTOYA MONTOYA ESTRELLA
PENA GARCIA ALBERTO
VEIGA VEIGA ENRIQUE LUIS
VEIGA LÓPEZ IGNACIO

2.- O tribunal cualificador do proceso selectivo será o seguinte:

- Presidente: Don Juan Carlos Faraldo Porta, funcionario do Concello de Miño.
- Secretario: Don Manuel Ares García, funcionario do Concello de Miño.
- Primeiro Vogal: Dona Cristina Rodríguez Mosquera, persoal laboral fixo do Concello de Miño.
- Segundo Vogal: Don Juan José Fachal Freire, funcionario do Concello de Miño.
- Terceiro Vogal: Don Julio Vila Feal, persoal laboral fixo do Concello de Paderne.

O Tribunal Cualificador a efectos da percepción de asistencias dos seus membros queda englobado na categoría terceira conforme á clasificación prevista no artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, quedando fixado en 6 o número de máximo de sesións a devengar (30 asistencias), sen prexuízo de que poidan ser ampliadas previa solicitude do Presidente do Tribunal en base a causas xustificadas.

3.- Convocar ao tribunal para súa constitución ás 10:00 horas do día 26 de xuño de 2025, na casa consistorial do Concello de Miño.



4.- Convocar aos aspirantes admitidos, para a realización do primeiro exercicio do proceso de selección para o **día 3 de xullo de 2025 no Local Social da Rúa do Concello de Miño, ás 10:00 horas**, debendo presentar os aspirantes a documentación identificativa.

5.- Establecer un prazo de (5) cinco días hábiles para que os candidatos presenten a documentación xustificativa da fase de concurso.

6.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica, e dar conta da presente resolución ao primeiro Pleno ordinario que se celebre.”

O que se fai público para xeral coñecemento, e faise saber que esta resolución é definitiva en vía administrativa e que contra a mesma poderase interpor os recursos que a continuación se citan:

a) O recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes, ou o contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, no prazo de dous meses, contados en ambos os casos dende o día seguinte á notificación da presente resolución.

b) Calquera outro que estime oportuno (Art. 194 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, do 28 de novembro de 1986 e 89 da Lei 30/1992, do 26 de novembro).

Miño, na data da sinatura electrónica.

O alcalde

Asdo./ Manuel Vázquez Faraldo